



## Concello de Ortigueira

### Exp. 1631/2024

**Asunto:** Aprobación expediente de contratación e apertura de licitación

**Procedemento:** Contrato de subministración: Subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas

#### ANTECEDENTES

Por parte da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Administración local, concedeuse a este Concello unha subvención de 41.515,10 euros para a subministración de diversos focos Led para instalacións deportivas, segundo a memoria valorada asinada pola arquitecta técnica municipal

Estas actuacións son necesarias para unha mellor execución das competencias municipais propias en materia de recollida e tratamento de residuos previstas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.e subvención.

Por Providencia desta Alcaldía dispúxose a iniciación do expediente de contratación da referida subministración

Consta no expediente, os correspondentes RC, a memoria xustificativa da necesidade do contrato, o prego de características técnicas, o prego de cláusulas administrativas regulador do procedemento, o cadro de características particulares, o informe xurídico da Secretaría Xeral, o informe de fiscalización da Intervención Municipal e a demais documentación preceptiva.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MMR)
- Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo cal se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

#### CONSIDERACIÓNS



## Concello de Ortigueira

1.-Segundo consta na memoria preparatoria contractual, a necesidade deste contrato obedece a:*Mellora enerxética nas instalacións deportivas municipais, consistente na subministración de diversos proxectores tipo Led para o aforro enerxético nas instalacións da piscina municipal, das pistas de pádel e fútbol 5, e do campo de fútbol de San Claudio. Todas as actuacións forman parte dun proxecto único polo obxecto da mesma.*

*Actualmente os proxectores de luz de todas as instalacións deportivas antes sinaladas son instalacións antigas tipo haloxenuros metálicos HM, de alto consumo enerxético e tecnoloxía obsoleta, polo que se propón a súa substitución por proxectores máis modernos, tipo LED, con redución do consumo e maior eficiencia no funcionamento. Trátase da subministración do material,que tamen inclue a instalación do mesmo.*

*Con esta actuación se persegue a redución do consumo enerxético das mesmas e unha mellora da eficiencia e do mantemento das mesmas, así como unha mellora da luminosidade das instalacións.*

2.-No expediente consta a documentación preceptiva e realizáronse as actuacións preparatorias previas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público así como as derivadas do Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo cal se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3.- Polo que respecta a discrepancia manifestada pola Intervención municipal no seu informe 2024/0315 no que se fai constar que é precisa a obtención da concesión administrativa correspondente para entender cumprido o requisito da dispoñibilidade de terreo, estimase que dado que as instalacións afectadas polas actuacións que se pretende executar son de titularidade municipal, que están en funcionamento, o Concello ten a total dispoñibilidade das mesmas, debese ter en conta que no momento da construción das instalacións deportivas obtívose as correspondentes autorizacións sectoriais e actualmente estase a realizar a tramitación para que o Concello volva a contar cos terreos. Ademais debese ter en conta que na mesma zona atopasen infraestruturas de distintas Administracións publicas (Administración de Facenda Estatal, Instituto Educación Secundaria da Xunta de Galicia) que de aplicar o criterio da Intervención municipal tampouco poderían executar ni prestar servizos nos correspondentes inmobles -Por outra banda a actuación que se pretende contratar tratase de substituír o sistema de iluminación en instalacións existentes por un sistema máis eficiente o que producira un aforro enerxético, económico e de contaminación lumínica sendo por tanto unha actuación que reúne os requisitos de interese publico xeral

4.- En canto ao procedemento de adxudicación, optase polo aberto simplificado sumario por concorrer os supostos previstos no artigo 159.6 da LCSP

Como criterios de adxudicación establece o prezo e a ampliación do prazo de garantía, do seguinte xeito:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA	35
	AMPLIACIÓN PRAZO DE GARANTÍA	25
	REDUCIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN:	30
	PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA	90

Polo exposto, e de conformidade co establecido no artigo 117 e da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,





## Concello de Ortigueira

---

### RESOLVO:

- 1º.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal en base aos motivos expostos na consideración 3ª
- 2º.- Aprobar o expediente de contratación da subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas cun orzamento de base de licitación por importe de 34.310,00 euros; e consecuentemente, aprobar a documentación que o integra.
- 2º.- Autorizar o gasto, en contía de 41.515,10 euros (IVE incluído), con cargo á aplicación 342 623 do orzamento vixente.
- 3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación, que será o aberto simplificado sumario por concorrencia do suposto previsto no artigo 159.6 da LCSP e 51 do RD-L 36/2020 do 30 de decembro, con aplicación de varios criterios de adjudicación en base á relación calidade-prezo da prestación, avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas.
- 4º.- Publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 5º. Publicar no perfil de contratante o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas e a restante documentación necesaria para a presentación das ofertas; así como o informe de necesidade da contratación, e demais documentación prevista na normativa de contratación do Sector Público.

En Ortigueira, na data indicada na marxe

José Valentín Calvín Fondevila  
Alcalde

### Dilixencia da Secretaría Xeral

ara facer constar que , para os efectos so disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura

Iago Manuel Bermejo Varga  
Secretario xeral  
Documento asinado electronicamente

